

**ACTA DA SESIÓN Nº 2 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA Á LICITACIÓN POR
PROCEDIMENTO ABERTO PÚBLICO: CONTRATACIÓN DE OBRAS PARA A CENTRAL
AGROPECUARIA DE GALICIA DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA (REF 1050-2011-06)**

DATA: 10 de novembro de 2010

LUGAR: Oficinas FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA. Silleda.

ASISTENTES:

- D. Manuel Sanmartín Alende (Director Económico - Financeiro), Presidente
- D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos), Vogal
- D. Miguel Sánchez Varela (Director Comercial), Vogal
- D^a. Silvia Regal López (Directora de Comunicación e Marketing), Vogal
- D. Manuel Bernárdez Carbón, Secretario

Por requirimento da mesa, asiste á reunión D. Julio Pérez Filloy en calidade de Técnico Asesor.

Como continuación á sesión nº 1 mantida o día 8 de novembro procédese a nova reunión da comisión de contratación composta polos membros arriba indicados procedendo ó estudo da documentación requirida ás seguintes empresas o día 8 de novembro:

VIALIA EDIFICACIÓN CIVIL, S.L.- Recibiuse a documentación no prazo acordado. A mesa de contratación admite a documentación administrativa do sobre "A"

ANTONIO FRAMIÑAN CONSTRUCCIONES, S.L.- Recibiuse a documentación no prazo acordado. A mesa de contratación admite a documentación administrativa do sobre "A"

Sendo, finalmente, a relación de empresas aceptadas a seguinte:

1. VIALIA EDIFICACIÓN CIVIL, S.L.
2. ANTONIO FRAMIÑAN CONSTRUCCIONES, S.L.
3. ESTRUCTURAS Y OBRAS DE GALICIA, S.L.
4. CONSTRUCCIONES AREAN, S.L.

De seguido, procédese a examinar e analizar a documentación contida no sobre "B", coas correspondentes deliberacións dos membros da mesa e tendo en consideración as explicacións técnicas de D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos) e de D. Julio Perez Filloy (Asesor Técnico)

Coa apertura do sobre "B" da empresa "ESTRUCTURAS Y OBRAS DE GALICIA, S.L." obsérvase que non cumpre con especificado no apartado 13.2 dos pregos, ya que, como se indica no apartado 16 da folla de especificacións, a avaliación das ofertas "SI" depende dun xuízo de


valor polo que a proposición valorable de forma automática debe vir en sobre pechado e independente, polo que a mesa de contratación decide excluir do concurso a citada empresa.


De forma individualizada procédese a votación de cada unha das ofertas, resultando as seguintes puntuacións medias:


Empresa Licitadora	15.3 Melloras Técnicas (ata 20 puntos)	15.4 Medios que a empresa se compromete a poñer a disposición da obra (ata 10 puntos)	TOTAL VALORACIÓN SOBRE "B" (ata 30 puntos)
Vialia Edificación Civil, S.L.	5,80	7,20	13,00
Antonio Framiñan Construcciones, S.L.	12,40	8,60	21,00
Construcciones Arean, S.L.	18,60	9,00	27,60

Así mesmo, procédese a determinar a data na que se levará a cabo o acto público para a apertura dos sobres "C", que se fixa para o día **11 de novembro de 2010, ás 10:00 horas** nas Oficinas da Fundación Semana Verde de Galicia.

E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión, asinando os comparecentes a presente acta.

D. Manuel Sanmartín Alende

Presidente

D. Carlos Mato Montoto

Vogal


D. Miguel Sánchez Varela

Vogal

D^a. Silvia Regal López



Vogal

D. Manuel Bernárdez Carbón



Secretario

INSCRITA EN EL REGISTRO DE FUNDACIONES DE INTERÉS GALLEGO - D.O.G. N.º 140 DE FECHA 23/07/91 - EMPRESA AUDITADA